

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONVOCATORIA CORCUBIÓN CONCILIA : TEMPO DE LECER 2023

**EXPEDIENTE:** 2023/S012/000003

### ANTECEDENTES:

Rematado o pasado 31 de maio o prazo para a preinscrición do Programa Corcubión Concilia: actividade Tempo de Lecer

Tendo en conta o establecido na Resolución do 20 de abril de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade.

Tendo en conta as bases establecidas no Decreto de Alcaldía 210/2023 do 27/04, así como o establecido no Regulamento do Programa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Adxudicar praza no programa de Corcubión Concilia para as actividades de verán xullo e agosto como sigue:

1.1.- Menores empadroados en Corcubión: do 3 de xullo ao 31 de agosto, de luns a venres de 9:30 a 13:30h.

1.2.- Menores que sin estar empadroados forman parte do alumnado CEIP Praia de Quenxe de Corcubión: do 1 ao 31 de agosto de luns a venres en horario de 9:30 a 13:30.

1.3.- Menores que residen no período vacacional con familias empadroadas en Corcubión: do 1 ao 31 de agosto de luns a venres en horara de 9:30 a 13:30.

1.4- Os e as menores con NEEs, se lles adxudica o servizo por quendas. As familias serán informadas individualmente da quenda que lle corresponde.

**SEGUNDO:** Non se adxudica praza ás persoas que o solicitarón e non se atopan en ningunha das situacións que se recollen no apartado anterior: 1.1, 1.2, 1.3

**TERCEIRO:** As familias con praza adxudicada deberán presentar nas oficinas municipais antes do inicio actividade, a autorización de cobro do copagamento pola prestación do Servizo. O documento de domiciliación será facilitado nas oficinas municipais, no departamento de servizos sociais ou no tablón da sede electrónica municipal e web municipal.

CUARTO: As actividades se desenvolverán no CEEIP Praia de Quenxe e no Pavillón Municipal.

QUINTO: Publicar o dito Decreto na web: corcubión.gal, na sede electrónica municipal e dar traslado aos departamentos afectados e ao pleno da corporación.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Manuel Insua Insua en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Ana María Reyes Cambre, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).